6.2. Prazo de alegacións. Concederase un prazo improrrogable de 3 días hábiles para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

As alegacións deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Dado o carácter urgente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do Concello de Burela, deberá se comunicada por fax (982585945) ou correo electrónico (controldexestion@burela.org) dentro do prazo de 3 días hábiles sinalado anteriormente.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os errores de feito poderán emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

6.3. Lista definitiva. As reclamacións/alegacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aproba a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, a resolución de admitidos/as e excluídos/as poderase entender elevada a definitiva, sen necesidade de nova publicación. No caso de non existir excluídos a lista provisional ditarase con carácter de definitiva.

7. -TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

7.1.- Composición do Tribunal. O Tribunal de selección acomodarase ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes (1 presidente e 4 vogais) podendo actuar indistintamente titulares e suplentes. O secretario será un dos vogais.

Os membros do Tribunal terán todos voz e voto.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal seleccionador, realizarase por Decreto da Alcaldía, debendo pertencer, en calquera caso, ao grupo/subgrupo de clasificación profesional de titulación de igual nivel ou superior ás esixidas para o acceso á praza/posto.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes. De tódalas reunión que faga o Tribunal, o secretario/a redactará acta.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Na composición do Tribunal de selección tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais de selección as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos, persoal laboral temporal e o persoal eventual nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal que incluirá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

7.2.- Abstención e recusación. Os membros do Tribunal de selección deberán absteranse de intervir, comunicándollo ao órgano convocante, cando concorra neles algúnhha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Presidente poderá requerir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención.

Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

7.3.- Actuación do Tribunal. O Tribunal de selección constituirase na data que designe a Alcaldía, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, coa presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A partir da sesión de constitución, o Tribunal de selección, para actuar validamente, requirirá que estean presentes a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e ás bases reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal de selección resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan producir durante a realización do sistema selectivo, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde en todo o que non estea previsto nas bases.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, xa citada.

8. - SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

O sistema de selección é o de concurso-oposición.

8.1.- FASE DE OPOSICIÓN.

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar, a proposta do Tribunal e coa duración que este órgano de selección determine con carácter previo ao seu inicio.

Puntuarse cun máximo de 10 puntos, quedando eliminados aqueles/as que no obteñan un mínimo de 5 puntos.

Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel mínimo de coñecementos esixido para a superación desta proba.

O Tribunal poderá realizar as preguntas e aclaracións que considere necesarias sobre a materia obxecto da proba.

Quedan excluídos/as do proceso os/as aspirantes que non comparezan.

8.2. CONCURSO DE MÉRITOS

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirantes que superasen a proba práctica. Puntuación máxima nesta fase: 6 puntos.

Non terá carácter eliminatorio e nela valorarase o seguinte:

A) Titulacións académicas:

Por estar en posesión de calquera titulación académica oficial de igual ou superior nivel ao esixido para o desempeño do posto, con exclusión da presentada como necesaria para acceder a este proceso: 0,50 por título, cun máximo de 1 punto.

B) Cursos de formación, xornadas, congresos e convencións en materias relacionadas coas funcións do posto convocado, por cada un:

- De 10 a 50 horas: 0,25 puntos
- De 51 a 100 horas: 0,50 puntos.
- De 101 ou más horas: 1 puntos.

Puntuación máxima neste apartado: 3 puntos.

De non figurar as horas de duración entenderase que teñen menos de 10 horas.

C) Cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente. Ata un máximo de 0,50 puntos.

- Celga 1, certificado do curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia ou equivalente: 0,10 puntos.

- Celga 2, título de graduado escolar ou técnico auxilia, sempre que se estudase toda a EXB ou primaria en Galicia e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos ou equivalente: 0,20 puntos.

- Celga 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación , curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,25 puntos.

- Celga 4, Curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas; 0,50 puntos.

Neste apartado non poderán acumularse as puntuacións polos distintos cursos, puntuándose, en consecuencia, polo curso de nivel superior.

D) Cursos de prevención de riscos laborais. Ata un máximo de 1 punto.

- Ata 50 horas (equivalente o curso “on line” de 60 h): 0,10 puntos
- de 51 a 300 horas: 0,25 puntos
- máis de 300 horas: 0,50 puntos

E) Por estar en posesión de permiso de conducir tipo B: 0,50 puntos.

Ningún mérito poderase utilizar para puntuar en máis dun apartado.

9.-FORMA DE ACREDITAR OS MÉRITOS

9.1. Titulacións académicas: copia compulsada do documento acreditativo de posuír a titulación correspondente ou certificación académica dos estudos realizados.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.

9.2.Cursos, seminarios, xornadas ou similares: copia compulsada do correspondente diploma no que debe constar a duración do curso en horas e, como mínimo, o título do mesmo ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiou no que se fagan constar os mesmos datos.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

9.3. Permiso de conducir: Fotocopia compulsada do permiso de conducir.

10.- LUGAR, DATA E CELEBRACIÓN DA PROBA PRÁCTICA.

Determinarase unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, facéndose público no mesmo anuncio que a listaxe provisional de admitidos/as ao proceso.

Quedrán excluídos/as do proceso os/as aspirantes que non comparezan.

Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos/as do proceso os/as que non comparezan.

Os/as aspirantes deberán presentarse provistos/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Comezado o exercicio, os membros do Tribunal Cualificador poderán requirir en calquera momento aos concorrentes respectivos para que acrediten a súa identidade, acordando o Tribunal Cualificador efectuar as expulsións que procedan.

11.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas distintas fases do proceso de selección para aqueles aspirantes que teñan superada a proba práctica, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados/as.

No suposto de empate nas puntuacións finais de dous ou máis aspirantes, este resloverase a favor do/da aspirante que obtivese maior puntuación na proba práctica. De persistir o empate, este resolverase a favor daquel/a aspirante que obtivese maior puntuación na fase de concurso e de persistir, estarase aos apartados do baremo pola orde establecida na base 8.2.

Unha vez fixadas as cualificacións finais, o Tribunal publicará na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello a relación dos/das aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación.

12.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, propoñendo ao Sr. Alcalde para a súa contratación ao/á aspirante que encabece dita relación, sen que poidan ser propostos máis aspirantes que postos a cubrir.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A proposta publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

13.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

No prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de selección na forma sinalada na base 12^a (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algúns documentos por causas alleas á súa vontade), os/as aspirantes propostos/as presentarán con anterioridade á sinatura do contrato a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 3^a:

- a) Copia auténtica ou fotocopia compulsada do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranjeiros.
- b) Copia auténtica ou fotocopia compulsada do título académico esixido
- c) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- d) Declaración responsable de non ter sido separados do servizo das administracións públicas e non estar incruso nunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- e) Certificado actualizado da Oficina do Servizo Público de Emprego da localidade onde estea inscrito como desempregado/mellora de emprego, no que conste esta circunstancia.
- f) Fotocopia da cartilla da S.S e certificación do nº de conta bancaria cos 20 díxitos para o ingreso da nómina.

Se o/a aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infira que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 3^a, non poderá ser contratado/a e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houbese podido incorrer.

No caso de presentarse a documentación a través da sede electrónica do Concello de Burela, admitirase que se acredite mediante a achega de copia auténtica (cos requisitos e conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro), documento electrónico orixinal ou que conteña un código xerado electronicamente

ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

14.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN .

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder á praza que se convocan, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral non permanente.

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algúna.

15.- ELABORACIÓN DUNHA lista DE RESERVA .

O Tribunal establecerá unha lista de reserva cos/coas aspirantes que teñan superado o proceso e por rigoroso orde de puntuación, para cubrir as vacantes que se poidan producir antes da sinatura ou durante o prazo de duración do contrato. Os chamamentos ofreceranse no momento no que se produzan necesidades de cobertura temporal que a entidade decida atender, chamando sempre por orde de lista de reserva. De darse o caso, o/a aspirante deberá presentar no concello con carácter previo á formalización do contrato a documentación recollida na cláusula 12^a.

16.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, instándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produznan na aplicación dos mencionados instrumentos xurídicos.

17.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

18.- DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Burela á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello, dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

Burela, 21 de xullo de 2021.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2261

Anuncio

Expediente númer.: 1239/2021

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2021

En cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcorrido o prazo de información pública do expediente administrativo do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2021, aprobado inicialmente en sesión ordinaria celebrada polo pleno en data 01 de xullo de dous mil vinte un, e non téndose presentado reclamación administrativa algúna contra o mesmo durante o período de exposición ao público, considerase definitivamente aprobado, sendo o seu resumo por capítulos o seguinte:

Estado de Ingresos

| | |
|---------------------------------------|----------------|
| Capítulo 1. Impostos directos: | 2.586.556,46 € |
| Capítulo 2. Impostos indirectos: | 70.000 € |
| Capítulo 3. Taxas e outros ingresos: | 1.607.493,99 € |
| Capítulo 4. Transferencias correntes: | 2.787.851,14 € |
| Capítulo 5. Ingresos patrimoniais: | 100,00 € |

| | |
|------------------------------------------------|-----------------------|
| Capítulo 6. Alleamento de Investimentos Reais: | 0,00 € |
| Capítulo 7. Transferencias de capital | 25,00 € |
| Capítulo 8. Activos financeiros: | 18.000,00 € |
| Capítulo 9. Pasivos financeiros: | 0,00 € |
| Suman total os ingresos | 7.070.026,59 € |

Estado de Gastos

| | |
|---------------------------------------------------------|-----------------------|
| Capítulo 1. Gastos de persoal: | 2.949.838,00 € |
| Capítulo 2. Compra de bens correntes e de servizos: | 3.237.356,50 € |
| Capítulo 3. Gastos financeiros: | 11.900,00 € |
| Capítulo 4. Transferencias correntes: | 728.450,98 € |
| Capítulo 5. Fondo de continxencias e outros imprevistos | 49.350,00 € |
| Capítulo 6. Investimentos reais: | 75.131,11 € |
| Capítulo 7. Transferencias de capital: | 0,00 € |
| Capítulo 8. Activos financeiros: | 18.000,00 € |
| Capítulo 9. Pasivos financeiros: | 0,00 € |
| Suman total os gastos | 7.070.026,59 € |

De conformidade co disposto no artigo 171 do devandito Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra esta aprobación poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses a partir da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro que se estime conveniente.

Do mesmo xeito, en cumprimento do disposto no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, faise público o cadro de persoal aprobado co orzamento:

| HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL | | | | |
|-----------------------------------|--------|----------|-------|--------------|
| DENOMINACIÓN | NÚMERO | VACANTES | GRUPO | OBSERVACIÓN |
| SECRETARIO/A | 1 | 1 | A1 | INTERINIDADE |
| INTERVENTOR/A | 1 | 1 | A1 | ACUMULADO |
| TESOUREIRO/A | 1 | 1 | A1 | INTERINIDADE |

| ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL | | | | |
|--------------------------------|--------|----------|-------|---------------------------------|
| DENOMINACIÓN | NÚMERO | VACANTES | GRUPO | OBSERVACIÓN |
| TÉCNICO/A DE CONTROL | 1 | 0 | A1 | PROPIEDADE |
| TÉCNICO/A DE XESTIÓN | 1 | 1 | A2 | INTERINIDADE |
| ADMINISTRATIVO/A | 6 | 3 | C1 | 3-PROPIEDADE 3- INTERINIDADE |

| ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL | | | | |
|-----------------------------------|--------|----------|-------|--------------|
| DENOMINACIÓN | NÚMERO | VACANTES | GRUPO | OBSERVACIÓN |
| TRABAJADOR/A SOCIAL | 1 | 0 | A2 | PROPIEDADE |
| ARQUITECTO/A | 1 | 1 | A1 | VACANTE |
| ARQUITECTO/A TÉCNICO ENCARGADO | 1 | 0 | A2 | PROPIEDADE |
| ARQUITECTO/A | 1 | 1 | A2 | INTERINIDADE |
| INSPECTOR PRINCIPAL POLICÍA | 1 | 0 | A2 | PROPIEDADE |
| OFICIAL DE POLICÍA | 1 | 1 | C1 | PROPIEDADE |

| | | | | |
|--------------------------------|-----------------|----------|-------|------------------------------------------|
| POLICÍA LOCAL | 5 | 2 | C1 | PROPIEDADE |
| PRAZAS LABORAIS FIJO | | | | |
| DENOMINACIÓN | NÚMERO | VACANTES | GRUPO | OBSERVACIÓN |
| AVOGADO/A CIM | 1 | 0 | A1 | PROPIEDADE |
| PSICÓLOGA/O INMIGRANTES | 1 | 0 | A1 | PROPIEDADE |
| TÉCNICO DE EMPREGO | 2 | 1 | A1 | 1-PROPIEDADE 1-EXCEDENCIA ESPECIAL |
| TRABAJADOR/A SOCIAL | 1 | 0 | A2 | PROPIEDADE |
| EDUCADOR/A FAMILIAR | 1 | 0 | A2 | PROPIEDADE |
| DIRECTOR/A CASA DA CULTURA | 1 | 0 | A2 | PROPIEDADE |
| DIRECTOR/A CASA DA XUVENTUD | 1 | 0 | A2 | PROPIEDADE |
| DIRECTOR/A C.F.O. | 1 | 0 | A2 | PROPIEDADE |
| INFORMÁTICO/A | 1 | 0 | C1 | PROPIEDADE |
| DELINEANTE/A | 1 | 0 | C1 | PROPIEDADE |
| MONITOR/A TÉCNICO DEPORTIVO | 1 | 0 | C1 | PROPIEDADE |
| MONITORES GAIA | 2 | 0 | C2 | PROPIEDADE |
| PATRÓN BARCO MUSEO | 1 | 0 | C2 | INTERINIDADE |
| AUXILIAR ADMINISTRATIVOS/AS | 4 | 1 | C2 | 3-PROPIEDADE 1-VACANTE |
| AUXILIAR RECEPCIONISTA | 1 | 0 | C2 | PROPIEDADE |
| AXENTE NOTIFICADOR | 1 | 1 | C2 | VACANTE |
| COORDINADOR GRUPO ACTUACIÓN | 1 | 0 | E | PROPIEDADE |
| OFICIAL DE 1º | 6 | | E | |
| PEÓN | 4 | 0 | E | PROPIEDADE |
| PEÓN ESPECIALISTA | 1 | 0 | E | PROPIEDADE |
| ELECTRICISTA | 1 | 1 | E | VACANTE |
| COIDADOR COMEDOR | 5 | 0 | E | PROPIEDADE |
| PRAZAS LABORAL TEMPORAL | | | | |
| DENOMINACIÓN | N.º DE DOTACIÓN | | | |
| AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO | 5 | | | |
| PSICÓLOGA CIM | 1 | | | |
| PSICÓLOGO U.A.D. | 1 | | | |
| TRABALLADORA SOCIAL U.A.D. | 1 | | | |
| AUXILIAR ADMINISTRATIVO U.A.D. | 1 | | | |
| ENFERMEIRA U.A.D. | 1 | | | |

| | |
|-------------------------------|----|
| DIRECTOR U.A.D. | 1 |
| AUXILIAR DE ENFERMERÍA U.A.D. | 1 |
| MÉDICO U.A.D. | 1 |
| PROFESOR/A DE MÚSICA | 11 |
| PEDAGOGA U.A.T. | 1 |
| PSICÓLOGA U.A.T. | 1 |
| LOGOPEDA U.A.T. | 1 |
| OFICIAL 1ª | 2 |

Burela, 28 de xullo de 2021.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2293

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 22 de xullo de 2021, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de xuño de 2021 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e das cotas do 3º bimestre de 2021 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expónense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 12 de agosto ao 15 de novembro de 2021. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello. Documento asinado dixitamente á marxe

Cervo, 23 de xullo de 2021.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2262

A FONSAGRADA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A APERTURA DUN NOVO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA A SELECCIÓN DE DOUS PEÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIOS

Visto o Decreto de Alcaldía de data 28 de xullo de 2021 polo que se acorda a apertura dun novo prazo para a presentación de solicitudes para a cobertura de dous postos de peóns de prevención e defensa contra incendios forestais.

Postos ofertados: Dous peóns

Tipo de contrato: Contrato laboral temporal

Duración: 3 meses

Sistema selectivo: Concurso - oposición

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org).

A Fonsagrada, 28 de xullo de 2021.- O alcalde, Carlos López López.

R.2294

LUGO

Anuncio

DECRETO Nº 6342/2021 DO 21/07/2021

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de xuño de 2021 adoptou o acordo 9/400 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO XEFES/AS DE NEGOCIADO DELINEANTES.

De acordo co dispuesto no artigo 90 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego público de Galicia, así como, no artigo 39 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servicio da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civis da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar o concurso para a provisión de varios postos de traballo, Xefes/as de Negociado Delineantes que se rexerá polas bases aprobadas polo acordo 9/400 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o día 24 de xuño de 2021:

1.- OBXECTO DO PRESENTE CONCURSO

É obxecto deste concurso a provisión dos postos de traballo, mencionados no anexo destas bases, entre os funcionarios de carreira do Concello de Lugo, con praza en propiedade, excepto aqueles que ocupen un posto con carácter definitivo obtido por concurso se non transcorreran seis meses dende a súa provisión.

O empregado público que estea en adscrición provisional está obrigado a participar nos concursos de provisión que se convoquen para postos adecuados ao seu corpo ou escala e a solicitar todos os postos pola orde de prioridade que estableza na solicitude de participación. O incumprimento desta obriga determinará a declaración da situación de excedencia voluntaria por interese particular.

2.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As instances solicitando tomar parte nesta convocatoria coa prelación de postos dirixiranse á Excma. Sra Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, acompañadas da acreditación documental dos méritos para xuntar e presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada deste, ou na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, durante un prazo de **15 días hábiles**, contados a partir da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cada unha dos/as funcionarios/as participantes poderá solicitar todos os postos convocados para os que reúna as condicións e requisitos sinalados, expresando a orde de preferencia de cada posto de traballo e indicando a tal fin a denominación co que figuren estes.

Os requisitos determinados na convocatoria deberán reunirse na data que termine o prazo de presentación de solicitudes de participación.

Só se poderá desistir da petición de tomar parte no concurso antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

3.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE CONCURSO

A) Ser funcionarios/as de carreira do Excmo. Concello de Lugo, con praza en propiedade, pertencente á Escala, Subescala e Grupo establecida no Anexo, cunha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira.

B) Atoparse en calquera situación administrativa, excepto en situación de suspensión firme ou de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar. Ademais, o persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de seis meses para poder participar neste concurso.”

4.- BAREMO DE MÉRITOS

Soamente procederá a valoración dos méritos alegados polas persoas participantes cando estas reúnan os requisitos esixidos nestas bases.

Valoraranse os méritos obtidos ou en condición de obterse na data na que finalice o prazo de presentación de instances para participar no correspondente concurso.

A xustificación dos méritos deberá realizarse mediante certificación oficial expedida para o efecto.

Para fixar a orde de preferencia na adxudicación do posto no concurso, valoraranse os seguintes méritos:

1.- Antigüidade: valorarase cun máximo de **4 puntos**, tendo en conta os servizos efectivos prestados e recoñecidos en calquera Administración Pública, de conformidade coa seguinte escala:

- servizos no mesmo subgrupo/grupo que o do posto solicitado: 0,015 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais

- servizos nun subgrupo/grupo distinto ao do posto solicitado: 0,007 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais.

2.- Experiencia: experiencia no desenvolvemento de postos pertencentes á área funcional á que corresponda o convocado, entendendo por área funcional a política de gasto definida conforme á Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais. Tomarase en consideración o posto de traballo ocupado na data de finalización do prazo de presentación de instancias. Puntuación de **3 puntos**.

3.- Grao persoal consolidado: valorarase cun máximo de **2 puntos** o grao persoal que se teña consolidado de conformidade co seguinte:

- por posuér un grao persoal superior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 2 puntos

- por posuér un grao de igual nivel ao do posto solicitado: 1,5 puntos

- por posuér un grao persoal inferior nun nivel ao do posto solicitado: 1,25 puntos

- por posuér un grao persoal inferior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 1 punto.

4.- Traballo desempeñado: valorarase cun máximo de **2,25 puntos** segundo o nivel de complemento de destino correspondente ao posto de traballo desde o que se participa no concurso de conformidade co seguinte:

- nivel igual ao posto ao que se concursa: 2,25 puntos

- un nivel inferior: 2,14 puntos

- dous niveis inferiores: 2,03 puntos

- tres niveis inferiores: 1,92 puntos

- catro niveis inferiores: 1,81 puntos

- cinco niveis: 1,70 puntos

- niveis inferiores ao anterior: 1,50 puntos.

Aos funcionarios en comisión de servizos valorárselles o nivel de complemento de destino do seu posto de orixe.

Unicamente se valorará o nivel dos postos que estean provistos na forma legalmente establecida.

5.- Permanencia no posto de traballo: valorarase cun máximo de **0,75 puntos** a permanencia ininterrompida no mesmo posto dende o que se concursa segundo o seguinte:

- nos 5 anos anteriores: 0,75 puntos

- nos 4 anos anteriores: 0,50 puntos

- nos 3 anos anteriores: 0,25 puntos.

6.- Méritos académicos: valoraranse os cursos impartidos e/ou recibidos nos últimos 15 anos e ata a data de publicación da convocatoria cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto solicitado e convocados polo Concello, a Deputación, o INAP, a EGAP, organizacións sindicais ou outros axentes dentro do marco de acordo de formación para o emprego das administracións públicas.

Valoraranse de 0,10 a 0,5 puntos por curso ata un máximo total de **3 puntos** de acordo co seguinte:

- cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos

- cursos de 21 a 40 horas: 0,20 puntos

- cursos de 41 a 100 horas: 0,35 puntos

- cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos.

Non se valorarán os que non acrediten as datas de realización e horas de duración, os derivados de procesos selectivos, e os relativos a xornadas, seminarios, simposios ou similares.

Nos cursos referentes a unha mesma materia, valorarase únicamente o de nivel superior.

7.- Coñecemento da lingua galega: valorarase o coñecemento da lingua galega cun máximo de **1 punto**, a razón de:

- Celga 2 ou equivalente: 0,20 puntos
- Celga 3 ou equivalente: 0,30 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,40 puntos
- Curso de linguaxe administrativa de nivel medio ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5, Curso de linguaxe administrativa de nivel superior ou equivalente: 1,00 punto.

Só se valorarán os cursos que non se esixan para a provisión do posto.

8.- Outras titulacións: valorarase cun máximo de **2 puntos** calquera outra titulación académica oficial distinta da esixida para acceder á praza dende a que se concursa relacionadas co posto ao que se concursa.

- bacharelato ou ciclo medio: 0,50 puntos
- ciclo superior: 1,00 punto
- título de diplomatura ou equivalentes: 1,5 puntos
- título de máster, licenciatura ou grao universitario: 2 puntos.

9.- Conciliación da vida persoal e familiar: valorarase ata un máximo de **1 punto** polos seguintes conceptos:

- coidado de fillos menores de 12 anos naturais ou por adopción ou acollemento permanente: 0,70 puntos
- coidado dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade cando por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída: 0,5 puntos.

Os méritos referidos á conciliación acreditaranse como segue:

- coidado de fillo: copia do libro de familia ou resolución xudicial
- coidado dun familiar: copia do libro de familia e documento acreditativo da situación de dependencia e tamén certificado de non estar de alta na Seguridade Social.

10.- Memoria. Confección dunha memoria sobre a análise das tarefas do posto e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento, a xuízo do candidato, de acordo coa descripción contida na convocatoria. A puntuación máxima será de **6 puntos**.

Para o caso de empate na valoración, aplicaranse por esta orde os seguintes criterios de desempate:

Primeiro.- A maior antigüidade ao servizo da Administración

Segundo.- A maior antigüidade no posto dende o que se concursa

Terceiro.- A data de ingreso como funcionario de carreira e na subescala na que se concursa

Cuarto.- Sorteo público.

5.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

5.1.- Cualificarán os méritos dos concursantes na provisión de postos de Jefe de Negocicado, con referencia á data de peche do prazo de presentación de instancias, unha Comisión de Valoración composta por:

Presidente:

D.^a María Esther Alvarez Martínez, Secretaria da Excma. Deputación Provincial de Lugo

Suplente: D.^a María Baza Poudereux, Xefa de Servizo de Control Financiero do Concello de Lugo

Vogais:

- D.^a María Isabel Varela López, Xefa de Sección de Organización de RRHH do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a María Isabel Villamor Cabado, Xefa de Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

- D. Julio Cesar Lamas Pardo, Adxunto Servicio de Arquitectura Concello de Lugo.

Suplente: D. Juan Ignacio Márquez Gacio, Técnico do Concello de Lugo.

- D.^a Pablo Fuentes Failde, Xefe Servizo Enxeñería do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a Alberto Cardama Cid, Enxeñeiro Tec Obras Públicas do Concello de Lugo.

Secretaria:

- D. Rafael del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Excmo Concello de Lugo.

Suplente: D.^a María García Ferro, Vicesecretaria do Exmo Concello de Lugo.

6.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

O resultado da avaliación dos méritos e a adxudicación provisional exporase ó público no taboleiro de anuncios do edificio do Centro de Servizos Municipais, sito na ronda da Muralla, 197, nunha relación que conterá a totalidade do persoal concursante, ordenada de maior a menor puntuación total, con expresión do posto de traballo adxudicado, se é o caso. Concederase un prazo de dez días hábiles para que formulen as reclamacións que estimen pertinentes en relación coa baremación.

7.- TOMA DE POSESIÓN

Transcorrido o prazo sinalado anteriormente, a Comisión resolverá as reclamacións que se presentasen e formulará a proposta de adxudicación dos postos convocados, remitíndo-a á autoridade convocante para a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Edificio Administrativo do Seminario, mediante resolución motivada.

Na resolución de adxudicación do concurso indicarase a data na que deberá efectuarse o cesamento no actual posto de traballo e a toma de posesión do destino adxudicado, salvo nos casos de forza maior debidamente xustificados.

8.- RECURSOS

Estas bases son definitivas en vía administrativa e contra estas pode interpoñerse, de conformidade co establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativo, un dos seguintes recursos.

a) Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación. Transcorrido un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que se teña resolto, poderá entenderse desestimado, e poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso administrativo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa publicación.

Todo isto sen prexuízo de que poda exercitarse calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

9.- PUBLICACIÓN

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

ANEXO

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | ESC | SUBESC | FP | GRUPO | C.D | Obsevacion |
|----------|------------------------------------|-----|--------|----|-------|-----|-------------------------------------------------------------|
| 23/222 | Xefe/a de negociado (delineante/a) | A.E | TEC. | C | B | 22 | Técnico superior en proxectos de edificación ou equivalente |
| 3102/222 | Xefe/a de negociado (delineante/a) | A.E | TEC. | C | B | 22 | Técnico superior en proxectos de edificación ou equivalente |
| 3103/222 | Xefe/a de negociado (delineante/a) | A.E | TEC | C | B | 22 | Técnico superior en proxectos de edificación ou equivalente |

Lugo, 21 de xullo de 2021.

R. 2263

MONTERROSO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 16 de 2021, dentro do vixente Orzamento municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día **29 de xuño de 2021** polo importe de **trescientos vinte mil euros (320.000,00)**, de acordo co preceptuado e en cumprimento ó disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo de 2004, faise público que, despois de ser aprobado dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento queda da siguiente forma:

| | | |
|--------|--------------------------------------|--------------|
| Cap. 1 | Gastos de Persoal | 1.907.890,72 |
| Cap. 2 | Gastos en bens correntes e servicios | 817.057,05 |
| Cap. 3 | Gastos Financeiros | 880,00 |
| Cap. 4 | Transferencias Correntes | 83.826,06 |

| | | |
|--------|---------------------------|------------|
| Cap. 6 | Inversións Reais | 932.700,54 |
| Cap. 7 | Transferencias de Capital | - |
| Cap. 9 | Pasivos Financeiros | 37.143,20 |

SUMA TOTAL 3.779.497,57 euros

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Monterroso, 23 de xullo de 2021.- A alcaldesa, Rocio Seijas Vázquez.

R. 2264

MURAS

Anuncio

Non sendo elixido polo Concello de Muras (Lugo), Xuíz de Paz substituto da devandita localidade, convócase para que, no prazo de quince días computados a partir da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia , cantos teñan interese en aspirar ao mencionado cargo dirixan unha instancia á Presidencia do Tribunal superior de Xustiza de Galicia na Coruña, facendo constar o seguinte:

- 1.- Nome e apelidos do solicitante, DNI (fotocopia), idade e domicilio
- 2.-Se desempeñou o cargo de Xuíz de Paz ou substituto.
- 3.- Méritos que estime pode facer valer
- 4.- Profesión actual

O que se fai publico en cumprimento do acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para coñecemento de cantos teñan interese en solicitar a praza indicada

Muras, 23 de xullo de 2021.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo .

R. 2265

VILALBA

Anuncio

“ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POR ENTRADAS AO FESTIVAL FIV 2021”

Por acordo de Xunta de Goberno de data do 21 de xullo de 2021, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Visto o artigo 127 así como os artigos 41 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), propone o establecemento do prezo público por entrada ao festival FIV 2020.

Visto o artigo 47.1 do TRLRHL, e visto a delegación de competencias acordada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 4 de xullo de 2019, segundo a cal o órgano competente para o establecemento dos prezos públicos é a Xunta de Goberno Local.

Visto o artigo 44 do TRLRHL respecto ao importe do prezo público, que deberá cubrir como mínimo o custo da actividade realizada, e visto que concorren circunstancias de interese público, neste caso, como son a promoción cultural e turística do municipio, son consignadas no orzamento as dotacións económicas necesarias para dar cobertura á diferenza resultante.

Visto o expediente , e de acordo co establecido no artigo 21.1.d da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, a Xunta de Goberno Local, en virtude da competencia que lle foi delegada mediante decreto de Alcaldía nº 375 de 2 de xullo de 2019, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar o prezo público por entrada ao Festival FIV 2021, segundo o acordo regulador que se xunta como anexo ao presente acordo.

Segundo.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos da súa notificación colectiva, segundo o artigo 45.1 a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO**“ACORDO REGULADOR PREZO PÚBLICO POR ENTRADA AO FESTIVAL FIV 2021”****Art. 1.- OBXECTO**

De conformidade co previsto no artigos 127 así como nos artigos 41 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público por entrada ao festival FIV 2021

Art.2.- FUNDAMENTO E NATUREZA

O prezo público é unha prestación patrimonial de carácter público, que se satisfai por servizos ou actividades prestadas pola Administración cando non concorra ningunha das circunstancias previstas no artigo 20.1 da citada disposición normativa, relativas ás taxas.

Art.3.- OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago do mesmo, as persoas que accedan ao local onde se desenvolva a actividade regulada no presente acordo.

Art. 4.- CONTÍA

As tarifas serán as seguintes:

| Cotas | N.º entradas | Prezo |
|---------|--------------|---------|
| 1ª cota | 200 | 18,00 € |
| 2ª cota | 300 | 22,00 € |
| 3ª cota | 500 | 28,00 € |
| 4ª cota | 1.000 | 28,00 € |

Art.5.- XESTIÓN E COBRANZA

1. A obrigación de pagar o prezo público nace desde que se inicia a actividade, ainda que se establece o anticipo total do prezo, procedendo a devolución do importe correspondente cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, a actividade non se desenvolva.

2. Conforme o establecido no artigo 46 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.

Art.6.- No que non figura no presente acordo, estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vilalba , 21 de xullo de 2021.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2267

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/34251

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: M^a Luz Pena Miragaya

Nombre de la captación: Fuente

Caudal solicitado: 0,09 l/s

Punto de emplazamiento: As Casas Novas, parroquia de Soexo (Santa María)

Término Municipal y Provincia: Vilalba (Lugo)

Destino: Usos ganaderos

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza directamente de una fuente mediante la colocación de 3 aros de hormigón. Las aguas son conducidas mediante tubería de polietileno hasta el establo a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Vilalba, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 20 de julio de 2021.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2268
